

MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA RESPONDER Á NECESIDADE DUNHA REDE COMARCALIZADA DE REFUXIOS DE ANIMAIS NA PROVINCIA DE LUGO



Antom Fente Parada, voceiro do Grupo Municipal **Por Chantada-CUP**, apresento ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA RESPONDER Á NECESIDADE DUNHA REDE COMARCALIZADA DE REFUXIOS DE ANIMAIS DA PROVINCIA DE LUGO**.

A tal efecto, apresento para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de maio de 2018, o Pleno Provincial da Deputación de Lugo aprobou unha modificación de crédito para incorporar ao Orzamento provincial de 2018, mediante suplemento de crédito, un importe de 4.190.000 €, dos cales 200.000 € están destinados para «facer unha canceira na zona sur de Lugo».

Dito refuxio de animais dará servizo a 22 concellos, na zona sur de Lugo. O Concello de Sarria, co paso do camiño de Santiago e o conseguinte aumento do número de animais abandonados, dependería deste macrocentro de Monforte e tamén o de Chantada, o cal dá idea da magnitude e orientación do proxecto.

A construción de refuxios de animais na zona sur de Lugo é unha necesidade e é execrábel que o punto de recollida de animais de Chantada leve toda a lexislatura sen funcionar. Ora, a solución proposta, a modo de “macrocanceira”, entendemos que non é a acaída, dado que este tipo de centros de tan grandes dimensións orixinan máis doenzas, problemas de amoreamento e a conseguinte maior mortalidade de animais. Ademais, hai problemas para o transporte e rescate de animais, nomeadamente en concellos que non contan con policía local ou Garda Civil nos que, evidentemente, tamén debemos pensar en coherencia cun modelo vertebrador do noso país, a Galiza.

O ideal é dotarse de pequenos refuxios de animais, que dean servizo a menor número de concellos, cunhas dimensións adecuadas para poder ser xestionados por protectoras de cada zona, que teñen un modelo de xestión que prime o benestar animal. Cando deste modelo de macrocentro se saque a concurso a súa xestión será, seguramente, só accesíbel a empresas privadas.

Mantendo o mesmo formato de financiamento (construción dos centros por parte da Deputación e achega dos Concellos) poderíase deseñar unha rede comarcalizada de refuxios de animais a nivel provincial, tendo en conta ás protectoras e asociacións en defensa dos dereitos dos animais da provincia de Lugo. Neste sentido, é coñecido que en Chantada agromaron diversas iniciativas e organizacións relacionadas co mundo canino.

Polo anteriormente exposto, desde Por Chantada-CUP propónse que o Pleno da Corporación Municipal do Concello de Chantada adopte o seguinte **ACORDO**:

1. Solicitar á Deputación Provincial de Lugo o deseño e impulso dunha rede comarcal de refuxios de animais, cun modelo de refuxios de dimensións medias, que agrupen a varios concellos, evitando macrocentros, e que teña en conta ás protectoras e asociacións en defensa dos dereitos animais da provincia.
2. Solicitar á Deputación Provincial de Lugo que, para o sur de Lugo, canto menos, exista un refuxio de animais en Sarria, outro que abrangue a comarca de Chantada e da Ulloa e outro para a de Lemos.

3. Solicitar á Deputación Provincial de Lugo que os refuxios de animais da provincia contén cun regulamento exhaustivo que determine exactamente os protocolos de sacrificio eutanásico cando este sexa estritamente necesario, tal como establece a normativa de benestar animal vixente.

4. Solicitar á Xunta de Goberno Local a redacción dunha Ordenanza municipal sobre protección, benestar animal e tenza responsable de animais, para a súa aprobación en pleno antes do remate deste ano 2018.

5. Regular e mellorar as zonas de soltas de cans, habilitando novas zonas.

5. Solicitar á Xunta de Goberno Local a realización dunha campaña informativa á cidadanía sobre a nova *Lei de benestar animal galega* e sobre a tenza responsábel, así como unha campaña específica dirixida ao alumnado dos centros educativos.